

# BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 25 DE ABRIL DE 2013.

## ASISTENTES:

### Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

### Concelleiros:

D<sup>a</sup>. Ana Ledo Fernandez

D. Jose Angel Rey Seoane

D<sup>a</sup>. Isabel Sesar Otero

### Secretaria-Interventora:

D.<sup>a</sup> Anabel Corral Corral

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 13:00 horas do día vinte e cinco de abril de 2013, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde, D. José Ignacio Portos Vázquez.

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dna Anabel Corral Corral.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde-presidente, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

## 1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES

Coñecidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas coa convocatoria, as actas de dúas sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local celebradas os días 28/02/2013 e 01/04/2013, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde-presidente se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non se formulan observacións, polo que a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**ÚNICO.-** Aprobar as actas de dúas sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local celebradas os días 28/02/2013 e 01/04/2013.

## 2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO

### 2.1.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL NA QUE SE APROBA A XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN CORRESPONDENTE A CAMPAÑA DE SOCORRISMO ANUALIDADE 2012

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, Sección de Promoción Económica, rexistro de entrada neste concello co n.º 519 en data 04/04/2013, no que se comunica a resolución de aboar a este concello o segundo prazo da subvención concedida dentro da convocatoria de socorrismo anualidade 2012, así como a aprobación da documentación xustificativa presentada por importe de 3.760,21 €

Importe concedido	Anticipo aboado	Mínimo a xustificar	Importe xustificadido	Importe a aboar
2.998,00 €	1.499,00 €	3.747,50 €	3.760,21 €	1.499,00 €

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

## **2.2.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS 2012**

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Sección de Cultura e Deportes, rexistro de entrada neste concello co nº. 523 en data 05/04/2013 no que se comunica a resolución de aprobación da documentación xustificativa presentada para os efectos de cobro da subvención concedida ao abeiro da convocatoria publicada no BOP nº 35, do 20 de febreiro de 2012, para actividades deportivas 2012 e o aboamento do segundo prazo da subvención por importe de 655,02 €uros.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

## **2.3.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN ECONÓMICA 2012**

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Sección de Promoción Económica, rexistro de entrada neste concello co nº. 528 en data 08/04/2013 no que se comunica a resolución de aprobación da documentación xustificativa presentada para os efectos de cobro da subvención concedida ao abeiro da convocatoria publicada no BOP nº 35, do 20 de febreiro de 2012, para actividades de promoción económica 2012 e o aboamento do segundo prazo da subvención por importe de 638,00 €uros.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

## **2.4.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN REDE CULTURAL AÑO 2012**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Sección de Cultura e Deportes, rexistro de entrada neste concello co nº. 495 en data 02/04/2013 no que se comunica a resolución de aprobación da documentación xustificativa presentada das actuacións concedidas ao abeiro da convocatoria da Rede Cultura para o ano 2012, publicada no BOP núm. 10, do 16-01-2012 e se procederá a aboar a aportación provincial por importe de 1.897,00 €

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

## **2.5.- ESCRITO DO LETRADO-ASESOR XURÍDICO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL COMUNICANDO QUE CON DATA 11/04/2013 FOILLE NOTIFICADA A SENTENZA DE 04/04/2013 DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 3 DA CORUNA NO PROCEDIMENTO ABREVIADO 7/2013**

Pola secretaria dase conta do escrito remitido polo letrado da Deputación Provincial, así como a SENTENZA de data 04/04/2013 recaída no procedemento abreviado 7/2013, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co nº 570 en data 16/04/2013, no que se acorda “.. *Estimo en parte el recurso contencioso administrativo interpuesto por la representante procesal de la sociedad mercantil “Construcciones Ramirez, SL” contra el acuerdo de la Junta de Gobierno Local del Ayuntamiento de Boimorto de 27.09.12, sobre liquidación del impuesto sobre construcciones, instalaciones y obras que se le giró a la “SA, Xestión do Plan Xacobeo” por la nueva licencia otorgada para legalizar la obra del “Albergue de peregrinos de la Telleira de Baiuca, parroquia de Boimil”, que anulo en lo que concierne a la falta de aplicación de la bonificación ya otorgada, de modo que queda aquella fijada en 547,54 euros. No hago condena de costas...*”

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

## **2.6.- ESCRITO DO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 3 DA CORUÑA ACOMPAÑADO DA SENTENZA DITADA NO PROCESO ABREVIADO 7/2013**

Pola secretaria dáse conta do escrito remitido pola secretaria xudicial do Xulgado Contencioso Administrativo nº 3 da Coruña, acompañado de certificación da Sentenza Estimatoria de data 4.04.13 co número 00087/2013 ditada no procedemento abreviado 7/2013 que ten carácter firme e cuio resume do acordo figura no punto 2.5 do párrafo anterior, que ten carácter de firme e deberase cumprir no prazo de dez días.

Resultando que este concello debe proceder á devolución de 144,67 €uros que corresponde a diferenza entre 692,21 euros da liquidación de ICIO da licenza de obra maior (LO 21/2009) e a cantidade fixada polo Xulgado 547,54 euros, os membros da Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDAN:**

**ÚNICO.-** Aprobar o gasto e aboar na conta de depósitos e consignacións do Xulgado Contencioso Administrativo nº 3 da Coruña na entidade de Banesto (número de conta bancaria: 0030-1846-42-0005001274) a cantidade de 144,67 €uros en concepto de execución da sentenza 16230000940007/13

### **2.7.- ESCRITO DO LETRADO-ASESOR XURÍDICO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL COMUNICANDO QUE CON DATA 18/04/2013 FOILLE NOTIFICADA A SENTENZA DE 15/04/2013 DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 3 DA CORUÑA NO PROCEDIMENTO ORDINARIO 18/2008**

Pola secretaria dáse conta do escrito remitido polo letrado da Deputación Provincial, así como a SENTENZA de data 15/04/2013 recaída no procedemento ordinario 18/2008, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co nº 580 en data 18/04/2013, e cuia parte dispositiva é a seguinte: “... *ACUERDO, reabrir el presente incidente de ejecución y ordenar al alcalde del Ayuntamiento de Boimorto que, luego del cierre y cubierta a lo autorizado, remita a este juzgado la licencia de legalización que, en su caso, le otorgue a don José Luis Garea Sánchez, a fin de resolver sobre la completa ejecución de la sentencia de 03.02.09...*”

Os membros da Xunta de goberno local **ACORDAN:**

**ÚNICO.-** Solicitar informe técnico en relación á viabilidade da execución da sentenza sobre legalización de cerre e cuberta.

### **2.8.- ESCRITO DO LETRADO-ASESOR XURÍDICO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL COMUNICANDO QUE CON DATA 05/04/2013 FOILLE NOTIFICADA A SENTENZA DE 22/03/2013 DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 2 DA CORUÑA NO PROCEDIMENTO ABREVIADO Nº 198/2012**

Pola secretaria dáse conta do escrito remitido polo letrado da Deputación Provincial, así como a SENTENZA de data 22/03/2013 recaída no procedemento abreviado 198/2012, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co nº 556 en data 12/04/2013, e cuia parte dispositiva é a seguinte: “*ESTIMANDO PARCIALMENTE recurso contencioso administrativo interpuesto por el Procurador D. José Antonio Castro Bugallo en representación ELECTRO SANXURXO SL frente a resolución del Concello de Boimorto de 20 de marzo de 2012 por la que se desestima reclamación de pago de la actora en la cuantía de 19853,50 euros condenando a la demandada a abonar la actoa la factura referida a ARCOS DE NAVIDAD 2008/2009 en la cuantía de 2000 y los intereses desde la reclamación excluyendo la liquidación de interés conforme lo dispuesto en la Ley 3/2004 DESTIMANDO el recurso accionado en sus restantes extremos, no procede realizar expresa condena en costas ...*”

Os membros da Xunta de goberno local **ACORDAN:**

**ÚNICO.-** Aprobar o gasto e aboar na conta de depósitos e consignacións do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 da Coruña na entidade de Banesto (número de conta bancaria: 0030-1846-42-0005001274) a cantidade de 2.000,00 €uros de indemnización incrementada cos intereses legais por importe de 93,33 €uros en concepto de execución da sentenza 1600-0000-94-0198-12 con cargo á aplicación orzamentaria 16.22700 do presente exercicio.

## **2.9.- ADHESION AO PLAN DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS PARA O EXERCICIO 2013 DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

Pola secretaria dáse conta das bases reguladoras do plan de financiamento dos servizos sociais comunitarios básicos para o exercicio 2013 da Excma. Deputación Provincial da Coruña, publicadas no BOP número 75 de data 19/04/2013, no que informa que é necesario -en caso de estar interesados en participar no Plan provincial- comunicar a vontade de adhesión ao mesmo, debéndose remitir mediante a sinatura dixital certificado da aprobación da adhesión polo órgano competente municipal e proxecto descritivo xeral dos servizos sociais comunitarios básicos obxecto do plan (anexo 3).

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados e acordan por unanimidade:

- 1.- Que coñecen e aceptan as bases da convocatoria, e os compromisos que nela se inclúen.
  
- 2.- Adherirse ao Plan de servizos sociais comunitarios básicos da Deputación da Coruña para o ano 2013, de acordo coas contías xerais previas no ANEXO 1 do plan e co financiamento que se indica no proxecto de servizos sociais comunitarios básicos (anexo 3) que se achega coa solícitude.
  
- 3.- Aceptar o compromiso de realizar as actuacións necesarias para desenvolver o obxectivo do plan e a completar coa súa achega económica os módulos obxecto de financiamento.
  
- 4.- Aceptar o compromiso de publicar a achega provincial e a facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña en todas as comunicacións polas que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet.
  
- 5.- A entidade acepta a regularización financeira para compensar as achegas cos remanentes de exercicios anteriores.
  
- 6.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

## **2.10.- ESCRITO DO LETRADO-ASESOR XURÍDICO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL COMUNICANDO QUE CON DATA 01/03/2013 FOILLE NOTIFICADA DILIXENCIA DE ORDENACIÓN DE 27/02/2013 DITADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 2 DA CORUÑA NO PROCEDIMENTO ORDINARIO Nº 7/2012**

Pola secretaria dáse conta do escrito remitido polo letrado da Deputación Provincial, no que comunica que con data 01/03/2013 foille notificada dilixencia de ordenación de 27/02/2013 ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 da Coruña, a medio do cal se acorda: “... *Quedando pendiente de abono la cantidad de 25 euros por parte del Concello de Boimorto como indemnización, que no ha sido consignada en el plazo legalmente previsto, la testigo podrá acudir a la vía de apremio para su cobro.*”

Os membros da Xunta de goberno local **ACORDAN:**

**ÚNICO.-** Aprobar o gasto e aboar na conta de depósitos e consignacións do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 da Coruña na entidade de Banesto (a ingresar no número de conta bancaria: 0030-1846-42-0005001274) a cantidade de 25,00 €uros en concepto de indemnización ao testigo Marta Correa Bescansa polos perxuízos derivados da súa asistencia á vista no

procedemento ordinario 7/2012. Concepto: 0030 1600 0000930007 12, con cargo á aplicación orzamentaria 92.23300 do presente exercicio.

### **3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIÓN**

#### **3.1.- LICENZAS**

##### **3.1.1.- LICENZA PARA A PLANTACIÓN DE EUCALIPTOS NA FINCA Nº 196 DA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE SAN PEDRO DE CARDEIRO, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. MANUEL RÍOS BLANCO.**

Visto o expediente de solicitude de licenza tramitada a instancia de D. Manuel Ríos Blanco, en posesión do DNI núm. 32307917R e con domicilio para os efectos de notificación en Lg. Vitre - Iglesia nº 2, Frades, A Coruña, solicitude con rexistro de entrada no concello número 492 de data 02/04/2013 para a plantación de eucaliptos na finca nº 196 do polígono 501 da parroquia de Cardeiro, excepto aos lindeiros que a primeira fila sería de pino.

Visto o informe emitido polo servizo técnico-urbanístico con data 03/04/2013 asinado por D. Fernando Delgado Juega, Xeógrafo-Urbanista adscrito ao departamento de Planeamento e Urbanismo de Cerne Ingeniería, S.A., empresa adxudicataria do servizo de asistencia técnico-urbanística do Concello de Boimorto que se reproduce literalmente:

<<Fernando Delgado Juega, Xeógrafo-Urbanista adscrito ao departamento de Planeamento e urbanismo de CERNE INGENIERÍA S.A., con CIF A-15056468, empresa adxudicataria do servizo de asistencia técnico-urbanística ao concello de Boimorto, emito o seguinte

#### **INFORME:**

Con data 2 de abril de 2.013, número de rexistro 492, D. Manuel Ríos Blanco presentou escrito no concello de Boimorto no que se indica que “desexa proceder á plantación da finca nº 196 da zona de concentración parcelaria de San Pedro de Cardeiro con especie eucaliptos, excepto aos lindeniros que a primeira fila sería de pino” e solicita “autorización para realiza-la plantación e as distancias que hai que deixar tanto os lindeiros como á vía pública”.

Boimorto conta cun plan xeral de ordenación municipal aprobado definitivamente mediante Orden da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes de 6 de febreiro de 2.007, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 42 de 28 de febreiro de 2.007.

O terreo no que se pretende plantar está clasificada polo PXOM como solo rústico de protección forestal e presenta segundo o catastro unha superficie de 27.085 m2.

De acordo co establecido na disposición adicional decimo sétima da lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia, que modifica a disposición transitoria primeira, letra f), da lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, “ao solo clasificado polo planeamento vixente como no urbanizable ou rústico, incluso conforme ao previsto no artigo 32 da presente lei ou na súa redacción anterior á modificación, a través da lei 2/2010, do 25 de marzo, aplícasele integramente o disposto na presente lei para o solo rústico”.

Neste sentido, o artigo 31 da LOUGA establece que os propietarios de terreos clasificados como solo rústico poderán levar a cabo, entre outras accións, as repoboacións forestais.

Pola súa banda, o artigo 66 da lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, prohíbe as repoboacións forestais en solo urbano, de núcleo rural, no solo urbanizable delimitado e no solo rústico de especial protección agropecuaria, agás os casos expresamente recollidos nesta lei.

De acordo co establecido no artigo 41.2 do PXOM relativo a plantación e tala de árbores, establécese a obrigatoriedade da solicitude de autorización previa da plantación de superficies forestais superiores a 500 m<sup>2</sup>. Na comunicación identificarase o propietario, o terreo de plantación, así como a especie e a densidade.

Segundo a documentación presentada, os datos básicos da plantación son os seguintes:

- Propietario: D. Manuel Ríos Blanco
- Especie de madeira obxecto de plantación: Eucalipto
- Parcela 196 polígono 501.
- Densidade: -.

No apartado 2.1 do mesmo artigo regúlanse as distancias e plantacións, sendo obrigatorio respectar as seguintes:

□	FORESTAIS		NON FORESTAIS	
	Eucaliptos	Coníferas	Fronosas	Frutais
Vivendas	50 m	25 m	10 m	6 m
Prados e terreos agrícolas	12 m*	8 m *	6 m *	3 m *
A lindeiros	Árbores 2 m; Arbustos 50 cm			
Ao eixe do camiño e das pistas	4 m	4 m	4 m	4 m
Aos mananciais	25 m	10 m	10 m	6 m

\* Non serán de aplicación estas distancias cando os terreos estean clasificados como solo rústico de protección forestal.

Pola súa banda, no artigo 72, prohíbese a plantación de eucaliptos e piñeiros nun perímetro de 50 metros en torno aos núcleos rurais delimitados polo plan.

Ademais, deberanse cumprir as distancias sinaladas no Anexo II da Lei de Montes de Galicia:

- a) Con parcelas forestais 2 metros
- b) Con terreos situados en solo rústico de protección agropecuaria, 10 metros.
- c) Con zonas dedicadas a labradío, cultivo, prados ou pastos non clasificados de especial protección agropecuaria, 10 metros.
- d) Desde o límite do dominio público das vías (autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e estradas convencionais) ou do ferrocarril, 10 metros.
- e) Con pistas forestais principais, 4 metros.
- f) Desde a proxección do condutor mais externo, considerando a súa desviación máxima producida polo vento segundo a normativa aplicable a cada caso, da infraestrutura eléctrica, 5 metros.
- g) Con canles fluviais de mais de 2 metros de largo, 15 metros contados desde o dominio público.
- h) Con edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte e fora do solo urbano e do núcleo rural, 30 metros.
- i) Con solo urbano, solo de núcleo rural e solo urbanizable delimitado, 30 metros.
- j) Con cámpings, gasolineras e industrias ou instalacións preexistentes en que se desenvolvan actividades perigosas consonte o establecido na lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, ou na súa normativa de desenvolvemento, 50 metros.

Tendo en conta que nalgúns casos existen diferenzas entre as distancias reguladas no artigo 41 do PXOM e na lei de Montes, aplicarase a que sexa mais restritiva, que no caso concreto da finca 196 serían as seguintes:

- Coa finca 194 clasificada como solo rústico de protección agropecuaria, 12 metros para a plantación de eucaliptos e 10 m para a plantación de pinos.

- Coas fincas 195 e 197 clasificadas como solo rústico de protección forestal, 2 metros si están dedicadas a monte e 10 metros se están dedicadas a labradío, cultivo, prado o pasto.
- Coa pista situada ao Oeste da finca, 4 metros, medidos desde o límite do dominio público.

A plantación non supera as 5 ha, non sendo precisa por tanto a autorización da Administración forestal, tal e como recolle o artigo 67.5 da Lei de Montes de Galicia.

A solicitude presentada se axusta ao establecido na LOUGA e no PXOM, así como ás determinacións da lei de Montes de Galicia, podéndose autorizar a plantación nas condicións indicadas.

O que poño en coñecemento da Corporación, que cos informes a que houbera lugar e superior criterio, decidirá.

En Boimorto a 3 de abril de 2.013.

Fernando Delgado Juega  
CERNE INGENIERÍA S.A>>

Visto canto antecede a Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar autorización a D. Manuel Ríos Blanco para a plantación de eucaliptos na finca nº 196 do polígono 501 da parroquia de Cardeiro, excepto aos lindeiros que a primeira fila sería de pino, cos condicionantes establecidos no informe técnico transcrito nos considerados do presente acordo.

**SEGUNDO.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado facendo constar o réxime de recursos administrativos que pode interpoñer fronte o acordo de autorización.

**3.1.2.- LICENZA PARA A PLANTACIÓN DE EUCALIPTOS NA FINCA Nº 297 DA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE SAN PEDRO DE CARDEIRO, TRAMITADA A INSTANCIA DE DÑA. MARÍA CARDELLE MOSQUERA.**

Visto o expediente de solicitude de licenza tramitada a instancia de Dña. María Cardelle Mosquera, en posesión do DNI núm. 76475271H e con domicilio para os efectos de notificación en C/ Francisco Vales Villamarín 45 3º esquerda, 15066 A Coruña, solicitude con rexistro de entrada no concello número 537 de data 10/04/2013 para a plantación de eucaliptos na finca nº 297 do polígono 501 da parroquia de Cardeiro, cunha extensión de 3,4505 Ha.

Visto o informe emitido polo servizo técnico-urbanístico con data 22/04/2013 asinado por D. Fernando Delgado Juega, Xeógrafo-Urbanista adscrito ao departamento de Planeamento e Urbanismo de Cerne Ingeniería, S.A., empresa adxudicataria do servizo de asistencia técnico-urbanística do Concello de Boimorto que se reproduce literalmente:

<<Fernando Delgado Juega, Xeógrafo-Urbanista adscrito ao departamento de Planeamento e urbanismo de CERNE INGENIERÍA S.A., con CIF A-15056468, empresa adxudicataria do servizo de asistencia técnico-urbanística ao concello de Boimorto, emito o seguinte

**INFORME:**

Con data 10 de abril de 2.013, número de rexistro 537, Dña. María Cardelle Mosquera presentou escrito no concello de Boimorto no que solicita "a plantación da finca nº 297 da zona de concentración parcelaria de San Pedro de Cardeiro, cunha extensión de 3,4505 ha, especie eucalipto".

Boimorto conta cun plan xeral de ordenación municipal aprobado definitivamente mediante Orden da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes de 6 de febreiro de 2.007, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 42 de 28 de febreiro de 2.007.

O terreo no que se pretende plantar está clasificada polo PXOM como solo rústico de protección forestal e solo rústico de protección de infraestruturas e presenta segundo o catastro unha superficie de 34.505 m<sup>2</sup>.

De acordo co establecido na disposición adicional decimo sétima da lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia, que modifica a disposición transitoria primeira, letra f), da lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, “ao solo clasificado polo planeamento vixente como no urbanizable ou rústico, incluso conforme ao previsto no artigo 32 da presente lei ou na súa redacción anterior á modificación, a través da lei 2/2010, do 25 de marzo, aplícaráselle integramente o disposto na presente lei para o solo rústico”.

Neste sentido, o artigo 31 da LOUGA establece que os propietarios de terreos clasificados como solo rústico poderán levar a cabo, entre outras accións, as repoboacións forestais.

Pola súa banda, o artigo 66 da lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, prohíbe as repoboacións forestais en solo urbano, de núcleo rural, no solo urbanizable delimitado e no solo rústico de especial protección agropecuaria, agás os casos expresamente recollidos nesta lei.

De acordo co establecido no artigo 41.2 do PXOM relativo a plantación e tala de árbores, establécese a obrigatoriedade da solicitude de autorización previa da plantación de superficies forestais superiores a 500 m<sup>2</sup>. Na comunicación identificarase o propietario, o terreo de plantación, así como a especie e a densidade.

Segundo a documentación presentada, os datos básicos da plantación son os seguintes:

- Propietario: Dna. María Cardelle Mosquera
- Especie de madeira obxecto de plantación: Eucalipto
- Parcela 297 polígono 501.
- Densidade: -.

No apartado 2.1 do mesmo artigo regúlanse as distancias e plantacións, sendo obrigatorio respectar as seguintes:

	FORESTAIS		NON FORESTAIS	
	Eucaliptos	Coníferas	Fronosas	Frutais
Vivendas	50 m	25 m	10 m	6 m
Prados e terreos agrícolas	12 m*	8 m*	6 m*	3 m*
A lindeiros	Árbores 2 m; Arbustos 50 cm			
Ao eixe do camiño e das pistas	4 m	4 m	4 m	4 m
Aos mananciais	25 m	10 m	10 m	6 m

\* Non serán de aplicación estas distancias cando os terreos estean clasificados como solo rústico de protección forestal.

Pola súa banda, no artigo 72, prohíbese a plantación de eucaliptos e piñeiros nun perímetro de 50 metros en torno aos núcleos rurais delimitados polo plan.

Ademais, deberanse cumprir as distancias sinaladas no Anexo II da Lei de Montes de Galicia:

- a) Con parcelas forestais 2 metros
- b) Con terreos situados en solo rústico de protección agropecuaria, 10 metros.
- c) Con zonas dedicadas a labradío, cultivo, prados ou pastos non clasificados de especial protección agropecuaria, 10 metros.
- d) Desde o límite do dominio público das vías (autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e estradas convencionais) ou do ferrocarril, 10 metros.
- e) Con pistas forestais principais, 4 metros.



- f) Desde a proxección do condutor mais externo, considerando a súa desviación máxima producida polo vento segundo a normativa aplicable a cada caso, da infraestrutura eléctrica, 5 metros.
- g) Con canles fluviais de mais de 2 metros de largo, 15 metros contados desde o dominio público.
- h) Con edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte e fora do solo urbano e do núcleo rural, 30 metros.
- i) Con solo urbano, solo de núcleo rural e solo urbanizable delimitado, 30 metros.
- j) Con cámpings, gasoleneiras e industrias ou instalacións preexistentes en que se desenvolvan actividades perigosas consonte o establecido na lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, ou na súa normativa de desenvolvemento, 50 metros.

Tendo en conta que nalgúns casos existen diferenzas entre as distancias reguladas no artigo 41 do PXOM e na lei de Montes, aplicarase a que sexa mais restritiva, que no caso concreto da finca 297 serían as seguintes:

- 50 metros en torno ao núcleo rural de Toá.
- Á liña eléctrica, 5 metros, desde a proxección do condutor máis externo.
- Coa pista, 4 metros.
- Coas fincas 288 e 292 clasificadas como solo rústico de protección agropecuaria, 12 metros.
- Coas fincas 295, 300, 301 e 368 clasificadas como solo rústico de protección forestal, 2 metros si están dedicadas a monte e 10 metros se están dedicadas a labradío, cultivo, prado e pasto.

A plantación non supera as 5 ha, non sendo precisa por tanto a autorización da Administración forestal, tal e como recolle o artigo 67.5 da Lei de Montes de Galicia.

A solicitude presentada se axusta ao establecido na LOUGA e no PXOM, así como ás determinacións da lei de Montes de Galicia, podéndose autorizar a plantación nas condicións indicadas.

O que poño en coñecemento da Corporación, que cos informes a que houbera lugar e superior criterio, decidirá.

En Boimorto a 22 de abril de 2.013.

Fernando Delgado Juega  
CERNE INGENIERÍA S.A>>

Visto canto antecede a Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar autorización a Dna. María Cardelle Mosquera para a plantación de eucaliptos na finca nº 297 do polígono 501 da parroquia de Cardeiro, cos condicionantes establecidos no informe técnico transcrito nos considerandos do presente acordo.

**SEGUNDO.-** Notifíquese o presente acordo á interesada facendo constar o réxime de recursos administrativos que pode interpoñer fronte o acordo de autorización.

**3.1.3.- LICENZA PARA A PLANTACIÓN DE EUCALIPTOS NA SUBPARCELA 416C DA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE BRATES-MERCURÍN , TRAMITADA A INSTANCIA DE DNA. MARÍA TERESA CACHARRÓN REY.**

Visto o expediente de solicitude de licenza tramitada a instancia de Dna. María Teresa Cacharrón Rey, en posesión do DNI núm. 78782258J e con domicilio para os efectos de notificación en Lg. Romelas número 8, parroquia de Mercurín, 15817 Boimorto, solicitude con rexistro de entrada no concello número 540 de data 11/04/2013 para a plantación de eucaliptos na subparcela 416c do polígono 502 da parroquia de Mercurín.

Visto o informe emitido polo servizo técnico-urbanístico con data 22/04/2013 asinado por D. Fernando Delgado Juega, Xeógrafo-Urbanista adscrito ao departamento de Planeamento e Urbanismo de Cerne Ingeniería, S.A., empresa adxudicataria do servizo de asistencia técnico-urbanística do Concello de Boimorto que se reproduce literalmente:

<<Fernando Delgado Juega, Xeógrafo-Urbanista adscrito ao departamento de Planeamento e urbanismo de CERNE INGENIERÍA S.A., con CIF A-15056468, empresa adxudicataria do servizo de asistencia técnico-urbanística ao concello de Boimorto, emito o seguinte

**INFORME:**

Con data 1 de abril de 2.013, número de rexistro 481, Dna. María Teresa Cacharrón Rey presentou escrito no concello de Boimorto no que se solicita "licencia para plantar a subparcela 416 c do polígono 502 de Mercurín, eucaliptos".

Posteriormente, o 11 de abril de 2.013, nº de rexistro 540, Dna. María Teresa Cacharrón Rey presentou un novo escrito no concello no que solicita a plantación de 5 ha de superficie da parcela 416c do polígono 502, segundo a delimitación que aparece no plano que achega, indicando que esta solicitude substitúe á entregada o 1 de abril de 2.013 con rexistro de entrada 481.

Boimorto conta cun plan xeral de ordenación municipal aprobado definitivamente mediante Orden da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes de 6 de febreiro de 2.007, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 42 de 28 de febreiro de 2.007.

O terreo no que se pretende plantar está clasificada polo PXOM como solo rústico de protección forestal e presenta segundo a solicitude unha superficie de 5 ha.

De acordo co establecido na disposición adicional decimo sétima da lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia, que modifica a disposición transitoria primeira, letra f), da lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, *"ao solo clasificado polo planeamento vixente como no urbanizable ou rústico, incluso conforme ao previsto no artigo 32 da presente lei ou na súa redacción anterior á modificación, a través da lei 2/2010, do 25 de marzo, aplícaráselle integramente o disposto na presente lei para o solo rústico"*.

Neste sentido, o artigo 31 da LOUGA establece que os propietarios de terreos clasificados como solo rústico poderán levar a cabo, entre outras accións, as repoboacións forestais.

Pola súa banda, o artigo 66 da lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, prohibe as repoboacións forestais en solo urbano, de núcleo rural, no solo urbanizable delimitado e no solo rústico de especial protección agropecuaria, agás os casos expresamente recollidos nesta lei.

De acordo co establecido no artigo 41.2 do PXOM relativo a plantación e tala de árbores, establécese a obrigatoriedade da solicitude de autorización previa da plantación de superficies forestais superiores a 500 m2. Na comunicación identificarase o propietario, o terreo de plantación, así como a especie e a densidade.

Segundo a documentación presentada, os datos básicos da plantación son os seguintes:

- Propietario: Dna. María Teresa Cacharrón Rey
- Especie de madeira obxecto de plantación: Eucalipto
- Parcela 416c polígono 502 (5 ha).
- Densidade: -.

No apartado 2.1 do mesmo artigo regúlanse as distancias e plantacións, sendo obrigatorio respectar as seguintes:

□

FORESTAIS	NON FORESTAIS
Eucaliptos	Frondosas
Coníferas	Frutais

Vivendas	50 m	25 m	10 m	6 m
Prados e terreos agrícolas	12 m*	8 m *	6 m *	3 m *
A lindeiros	Árbores 2 m; Arbustos 50 cm			
Ao eixe do camiño e das pistas	4 m	4 m	4 m	4 m
Aos mananciais	25 m	10 m	10 m	6 m

\* Non serán de aplicación estas distancias cando os terreos estean clasificados como solo rústico de protección forestal.

Ademais, deberanse cumprir as distancias sinaladas no Anexo II da Lei de Montes de Galicia:

- a) Con parcelas forestais 2 metros
- b) Con terreos situados en solo rústico de protección agropecuaria, 10 metros.
- c) Con zonas dedicadas a labradío, cultivo, prados ou pastos non clasificados de especial protección agropecuaria, 10 metros.
- d) Desde o límite do dominio público das vías (autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e estradas convencionais) ou do ferrocarril, 10 metros.
- e) Con pistas forestais principais, 4 metros.
- f) Desde a proxección do condutor mais externo, considerando a súa desviación máxima producida polo vento segundo a normativa aplicable a cada caso, da infraestrutura eléctrica, 5 metros.
- g) Con canles fluviais de mais de 2 metros de largo, 15 metros contados desde o dominio público.
- h) Con edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte e fora do solo urbano e do núcleo rural, 30 metros.
- i) Con solo urbano, solo de núcleo rural e solo urbanizable delimitado, 30 metros.
- j) Con cámpings, gasolineras e industrias ou instalacións preexistentes en que se desenvolvan actividades perigosas consonte o establecido na lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, ou na súa normativa de desenvolvemento, 50 metros.

Tendo en conta que nalgúns casos existen diferenzas entre as distancias reguladas no artigo 41 do PXOM e na lei de Montes, aplicarase a que sexa mais restritiva, que no caso concreto da finca 416c serían as seguintes:

- Coa pista, 4 metros.
- Coas fincas 183 e 184 clasificadas como solo rústico de protección agropecuaria, 12 metros.

A plantación non supera as 5 ha, non sendo precisa por tanto a autorización da Administración forestal, tal e como recolle o artigo 67.5 da Lei de Montes de Galicia.

A solicitude presentada se axusta ao establecido na LOUGA e no PXOM, así como ás determinacións da lei de Montes de Galicia, podéndose autorizar a plantación nas condicións indicadas.

O que poño en coñecemento da Corporación, que cos informes a que houbera lugar e superior criterio, decidirá.

En Boimorto a 22 de abril de 2.013.

Fernando Delgado Juega  
CERNE INGENIERÍA S.A>>

Visto canto antecede a Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDOU**:

**PRIMEIRO.-** Outorgar autorización a Dna. María Teresa Cacharrón Rey para a plantación de eucaliptos na subparcela 416c do polígono 502 da parroquia de Mercurín, cos condicionantes establecidos no informe técnico transcrito nos considerandos do presente acordo.

**SEGUNDO.-** Notifíquese o presente acordo á interesada facendo constar o réxime de recursos administrativos que pode interpoñer fronte o acordo de autorización.

### **3.2.- PERMISOS E AUTORIZACIÓNS**

#### **3.2.1.- AUTORIZACIÓN DA FESTA EN HONOR AO ANXO DA GARDA NA PARROQUIA DE BUAZO**

Vista a instancia subscrita por **D. Daniel Peteiro López**, veciño de Boimorto, encargado da organización das festas populares en honor ao Anxo da Garda, pretendéndose a súa celebración no lugar de **Sobreira**, parroquia de **Buazo**, deste termo municipal, durante o día **27 de abril de 2013**, cos documentos que á mesma se acompañan, solicitando a correspondente licenza desta Alcaldía; tendo en conta que se cumpren os requisitos esixidos polo Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas, de data 27 de Agosto de 1982, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Autoriza-la celebración de bailes e verbenas populares gratuítos, ó aire libre, co núm. identificativo **2.9.2**, de acordo co Decreto 292/2004, de 18 de novembro de 2004, no mencionado lugar e parroquia, deste término municipal, durante o referido día, tal como se solicita. A terminación de tales bailes e verbenas axustarase ó horario fixado regulamentariamente polo órgano competente.

Teranse en conta as prescricións dos artigos 35 e 48 do mencionado Regulamento, facéndose constar, expresamente, que non poderán funcionar no recinto dos festexos ningunha clase de barracas de tiro ó branco, tómbolas, cabaliños xiratorios, carruseis, bambáns, postos de bebidas, churrerías e demais establecementos de diversión ou servizo ó público sen proveerse, previamente, da correspondente autorización desta Alcaldía, de acordo co que dispón o art. 48 do xa repetido Regulamento. Igualmente cumprirase a Orde ministerial de 3 de outubro de 1973, que prohíbe a fabricación, circulación e venda de certos obxectos explosivos para uso infantil, sendo tamén responsable o titular da licenza dos incendios que se puideran ocasionar por uso de foguetes, globos, fogos de artificio e similares.

Así mesmo, no que se refire á instalación eléctrica que se utilice para a iluminación do recinto dos festexos, faise constar, de modo expreso, que deberá ser realizada únicamente por empresas instaladoras, en cumprimento ó ordenado no parágrafo 2º do art. 18 do Real Decreto 842/2002, de 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico para baixa tensión.

Como anexo da licenza que se entregue ó solicitante, daráselle traslado, en folla á parte e supletoria, do contido da Orde ministerial que se cita anteriormente, así como do texto dos artigos 35 e 48 do varias veces citado Regulamento.

**SEGUNDO.-** Notifíquese este acordo ao solicitante e déase traslado do seu contido ao Xefe Territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e ó Sr. Comandante do Posto da Garda Civil de Boimorto para o seu coñecemento e para os efectos dos artigos 74 e 78 ó 80, respectivamente, do xa reiterado Regulamento.

#### **3.2.2.- AUTORIZACIÓN USO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL SOLICITADO A INSTANCIA DA COMISIÓN DE FESTAS PATRONAIS DE BOIMORTO.**

Vista a solicitude presentada por dona María Jesús Novo Gómez, con DNI núm. 44814623C e con domicilio a efectos de notificacións en R/ Vilanova nº 7 do núcleo urbano de Boimorto, actuando en calidade de membro da comisión de festas patronais de Boimorto, -nº rexistro de entrada 610 sdo 23.04.2013- sobre solicitude de autorización para a realización dunha actividade non deportiva no polideportivo municipal, o día 3 de maio, en horario de 22:00 a 24:00 horas con alumeado, así como a dispoñibilidade de mesas e cadeiras propiedade do concello.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Autorizar o uso do pavillón municipal a dona María Jesús Novo Gómez, con DNI núm. 44814623C e con domicilio a efectos de notificacións en R/ Vilanova nº 7 do núcleo urbano de Boimorto, actuando en calidade de membro da comisión de festas patronais de Boimorto, para a realización dunha actividade non deportiva no polideportivo municipal, o día 3 de maio, en horario de 22:00 a 24:00 horas con alumeado, sendo o período de ocupación do pavillón de 2 horas, así como a disponibilidad de mesas e cadeiras, condicionando a autorización a:

1º.- A presente autorización abrangue das 22:00 horas ás 24:00 horas do día 3 de maio do presente ano, quedando o autorizado baixo as instrucións que lle imparta o persoal do concello responsable do polideportivo municipal en materia de utilización do mesmo.

2º.- A solicitante queda responsabilizada da utilización das mesas e cadeiras que deberán ser conservadas no estado en que se atopan e entregan para o seu uso.

3º.- O autorizado, ó rematar a actuación, deberá deixar as instalacións municipais nas mesmas condicións de limpeza que no momento do inicio da mesma.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación das taxas municipais practicada pola Intervención municipal, que ascende á cantidade de TRINTA E SEIS EUROS (36,00 €), ao abeiro do disposto no artigo 6º.c) da Ordenanza fiscal nº 10, reguladora da taxa por utilización do polideportivo municipal, que deberá ser ingresada previamente nas arcas municipais xa que sen este requisito esta autorización non producirá efecto.

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo á interesada, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo acordo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

### **3.2.3.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA PERNOCTAR NO POLIDEPORTIVO O PRÓXIMO 1 DE XULLO AOS ALUMNOS DO COLEXIO SAN IGNACIO DE SAN SEBASTIÁN**

Pola secretaria dáse lectura ao escrito enviado por D. Gorka Gorostizaga, en representación do Colexio San Ignacio, con rexistro de entrada neste Concello nº 550 con data 11/04/2013, no que solicita permiso para pernoctar no polideportivo municipal cun grupo duns 35 xóvenes (entre alumnos e responsable), con motivo dunha peregrinaxe a Santiago de Compostela o día 1 de xullo de 2013.

Visto o artigo 6 do Regulamento de funcionamento do servizo de aloxamento de peregrinos do Concello de Boimorto, publicado no BOP nº 122 en data 30/06/2010.

En aplicación do artigo 6 e) da Ordenanza fiscal nº 10, reguladora da taxa pola utilización do polideportivo municipal, cota tributaria “pola pernoctación no polideportivo 3 € por usuario e noite sendo necesario o pago para obter entrada que autorice a estancia”, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Autorizar o uso do polideportivo municipal a D. Gorka Gorostizaga en representación duns 35 xóvenes (entre alumnos e responsables), con motivo dunha peregrinaxe a Santiago de Compostela o día 1 de xullo de 2013.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación das taxas municipais practicada pola Intervención municipal que ascende a cantidade de **CENTO CINCO EUROS (105,00 €)**, que deberá ser ingresada previamente nas arcas municipais xa que sin este requisito esta autorización non producirá efecto.

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo ao interesado co réxime de recursos que pode interpoñer así como o número de conta para facer efectivo o pago.

## **4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS**

#### **4.1.- URBANISMO**

##### **4.1.1.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 9/2013) PARA SUBSTITUCIÓN DA URALITA DA TERRAZA DA VIVENDA SITA NA RÚA GÁNDARA Nº 25, 1º ESQUERDA DE BOIMORTO, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. MANUEL BLANCO FANDIÑO.**

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de D. Manuel Blanco Fandiño, con DNI núm. 33148891A, e con domicilio para os efectos de notificacións en R/ Gándara nº 25 1º esquerda do núcleo urbano de Boimorto, deste termo municipal, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 562 de data 15/04/2013 para a substitución da uralita da terraza da vivenda sita na rúa Gándara nº 25 1º esquerda do núcleo de Boimorto(solo urbano) segundo presuposto e fotografías presentadas.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, Colexiado nº 4657, con data 22/04/2013 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo de núcleo urbano coa ordenanza de edificación intensiva.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a D. Manuel Blanco Fandiño, con DNI núm. 33148891A (LO 9/2013) para a substitución da uralita da terraza da vivenda sita na rúa Gándara nº 25 1º esquerda do núcleo de Boimorto (solo urbano) segundo presuposto e fotografías presentadas.

**SEGUNDO.-** Someter a licenza de obra outorgada ás seguintes condicións:

- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- As obras de reforma non afectarán a elementos estruturais.
- A reforma do tellado non suporá variación do volume actual da edificación.
- A cubrición de fibrocemento rematarase con tella por riba, similar á do edificio na que se atopa.
- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- Presuposto de execución material da obra, por informe técnico: **2.092,00 €uros.**

Liquidación 2%: **41,84 €uros**

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a D. Manuel Blanco Fandiño, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

##### **4.1.2.- LICENZA DE OBRA MAIOR PARA REFORMADO DO PROXECTO DE VIVENDA UNIFAMILIAR NO LUGAR DE CAMPO DA LANZA-ÁNXELES (LO 32/2012) TRAMITADO A INSTANCIA DE D. JOSÉ ANTONIO GARCÍA RAMOS (LO 10/2013)**

Visto expediente de solicitude de licenza urbanística de obras, tramitado a instancia de D. José Antonio García Ramos, con DNI nº 30569855A, e con domicilio para os efectos de notificación en Lg. Campo da Lanza nº 4, Ánxeles, 15816 Boimorto, solicitude con entrada no concello nº 301 con data 27/02/2013, acompañada de proxecto básico e de execución (reformado) de vivenda unifamiliar no lugar de Corredoiras, parroquia de Os Ánxeles; redactado polo arquitecto D. Manuel Varela Caabeiro, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data 07/02/2013 co número 1202574,3; solicitando a modificación da licenza de obra maior LO 32/2012, parcela clasificada no PXOM como solo de núcleo rural.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de camiños, canles e portos, con data 07/03/2013 para a realización da dita obra que clasifica como maior en solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso.

Vista a autorización do Servizo de Vías e Obras Provinciais da Deputación Provincial da Coruña, da estrada CP-1001 de data 15/04/2013.

Visto o informe de secretaría de data 22/04/2013

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra maior a D. José Antonio García Ramos, con DNI nº 30569855A (LO 10/2013) reformado de vivenda unifamiliar outorgada (LO 32/2012), conforme ao proxecto redactado polo arquitecto D. Manuel Varela Caabeiro, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data 07/02/2013 co número 1202574,3; parcela clasificada no PXOM como solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso.

**SEGUNDO.-** Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

.- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

.- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais.

.- Deberase axustar ao contido na autorización do Servizo de Vías e Obras Provinciais da Deputación Provincial da Coruña, da estrada CP-1001 de data 11/10/2012

.- As obras deberán comezar no prazo máximo de seis meses e rematar no prazo de tres anos contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a seis meses.

.- As obras que se pretenden realizar consisten na construción dun garaxe-almacén anexo á vivenda unifamiliar, de planta baixa, cunhas dimensións de 8,00 x 4,30 m e unha superficie construída de 34,40 m<sup>2</sup>. A cuberta é a unha auga a base de fibrocemento e tella. As orbas proxectadas implican unha modificación dos alzados lateral dereito e na fachada posterior da vivenda, xa que se abre unha nova ventá no primeiro e na segunda elimínase unha ventá e modifícanse as dimensións e posición de outra.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.-

Presuposto de execución material da obra: **9.297,00 €**

Liquidación 2%: **185,940 €**

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a D. José Antonio García Ramos, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

#### **4.1.3.- SOLICITUDE DESESTIMENTO EXECUCIÓN DA OBRA LO 20/2011**

Visto o escrito presentado por D. José Sánchez García en representación de Agrocicende, S.C con rexistro de entrada no concello co nº 514 en data 04/04/2013, no que solicita a devolución do importe correspondente á licenza de obra maior (LO 20/2011) por importe de 8.370,40 €uros, xa que finalmente a obra non se executará, ingreso realizado por D. José Sánchez García na conta bancaria da entidade Caixa Galicia titularidade deste Concello con data 30/12/2011.

Visto o artigo 31 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, así como a normativa reguladora do ICIO no Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, Real Decreto Legislativo 2/2204 e que segundo informe técnico de data 22/04/2013 as obras non foron executadas, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento do desestimento presentado por D. José Sánchez García en representación de Agrocicende, S.C en relación coa execución da obra para construción dunha nave para explotación de polos no lugar de Fonte Fraga, parroquia de Mercurín, con licenza (LO 20/2011).

**SEGUNDO.-** Devolver á cantidade de 8.370,40 €uros en concepto de liquidación do ICIO da licenza (LO 20/2011) a D. José Sánchez García.

**TERCEIRO.-** Notificar este acordo ao interesado así como os servizos contabeis aos efectos oportunos.

## **4.2.- OBRAS SERVIZOS**

### **4.2.1.- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA URBANÍSTICA DO CONCELLO DE BOIMORTO.**

Visto que en data 4 de abril de 2013 foi asinado o contrato de servizo de asistencia técnica urbanística do Concello de Boimorto coa empresa Cerne Ingeniería, S.A con CIF A-15056468.

Considerando que é necesaria e legalmente viable a prórroga do contrato antedito con efectos ata 4 de abril de 2014, e que a empresa está conforme con dita prórroga que se manifestará e formalizará en documento contractual.

Informando a Secretaria que o artigo 279.1 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (aplicable a este contrato nos termos sinalados na disposición transitoria primeira do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público) sinala:

<<**Artículo 279.1.** Duración.

1. Los contratos de servicios no podrán tener un plazo de vigencia superior a cuatro años con las condicines y límites establecidos en las respectivas normas presupuestarias de las Administraciones Públicas, si bien podrá preverse en el mismo contrato su prórroga por mutuo acuerdo de las partes **ANTES DE FINALIZACIÓN DE AQUÉL**, siempre que la duración total de contrato, incluídas las prórrogas, no exceda de seis años, y que las prórrogas no superen, aislada o conjuntamente, el pazo fijado originariamente. La celebración de contratos de servicios de duración superior a la señalada podrá ser autorizada excepcionalmente por el Consejo de Ministros o por el órgano autonómico competente de forma singular, para contratos determinados, o de forma genérica, para ciertas categorías.>>

A Xunta de goberno local por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Prorrogar por un ano con efectos retroactivos dende o 5 de abril de 2013 ata o 4 de abril de 2014 o contrato do servizo de asistencia técnica urbanística do Concello de Boimorto asinado coa empresa Cerne Ingeniería, S.A. con CIF A-15056468 mantendo as mesmas cláusulas do contrato inicial.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo ao contratista indicando o réxime de recursos así como documentar dita prórroga para a súa formalización expresa de mutuo acordo por ambas partes.

### **4.2.2.- PREAVISO DE PRÓXIMO CUMPRIMENTO E RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO CONTROL DE CALIDADE DE AUGA DO CONSUMO HUMANO E DA PISCINA MUNICIPAL**

En aplicación do disposto no artigo 206.h) da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público e artigo 109.1 a) do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da lei contratos das Administracións Públicas, normativa aplicable no



momento da resolución e visto o contrato de servizo de control de calidade de auga do consumo humano e da piscina municipal asinado o 12/05/2011 coa empresa AQUAGEST, Promoción Técnica y Financiera de Abastecimientos de Auga, S.A.” aplicacando o disposto na cláusula 5ª do prego de clausulas administrativas particulares e técnicas da adxudicación de dito contrato a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Tendo en conta a normativa expresada, así como a cláusula 5ª do prego de clausulas administrativas particulares e técnicas da adxudicación de dito contrato de servizo de control de calidade de auga do consumo humano e da piscina municipal asinado o 12/05/2011 coa empresa AQUAGEST, Promoción Técnica y Financiera de Abastecimientos de Auga, S.A., preavisar ao contratista AQUAGEST, Promoción Técnica y Financiera de Abastecimientos de Auga, S.A. da intención desta Corporación de resolver o contrato citado con efectos 12/05/2013.

**SEGUNDO.-** Notificar este acordo á Empresa contratista aos efectos oportunos, concedendo de conformidade co artigo 109.1 a) do Real Decreto 1098/2001 xa citado, un prazo de audiencia de 10 días naturais a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación deste acordo.

## **5.- ASUNTOS ECONÓMICOS**

A Xunta de Goberno Local en exercicio de competencia delegada pola Alcaldía Presidencia por unanimidade **ACORDOU:**

**ÚNICO.-** Aprobar as seguintes facturas:

<b>Nº Factura / Data</b>	<b>Titular NIF/CIF</b>	<b>Descrición</b>	<b>Importe</b>
Tickets 17/04/2013	Autopistas del Atlántico A-15020522	Peaxe viaxe á Coruña reunión en Catastro con motivo da nova ponencia de valores	3,50 €
Tickets 08/03/2013		Peaxe viaxe á Coruña levar a un usuario da residencia consulta médica ao CHUAC	3,50 €
Ticket 01/03/2013	U.T.E. Choupana U-83458570	Aparcamiento levar usuario da residencia a consulta médica ao hospital	1,55 €
Ticket 09/04/2013		Aparcamiento levar usuario da residencia a consulta médica ao hospital	6,35 €
Ticket 21/03/2013	Comfersa / A-28889491	Aparcamiento levar usuaro da residencia a consulta médica ao ambulatorio de Concepción Arenal	1,40 €
F12/06833-03/04/13	Arzuagas, S.C. J-15927882	Tres cargas de propano para a residencia e centro de día	192,00 €
F12/06846-23/04/13		Tres cargas de propano para a residencia e centro de día	183,90 €
1A-06/04/13	Antonio Ansede Blanco / 32440038X	Alimentos comida expositores maquinaria Magreco 2013	159,08 €
1B-06/04/13		Alimentos comida expositores maquinaria Magreco 2013	26,38 €
1C-06/04/13		Alimentos comida expositores maquinaria Magreco 2013	366,45 €
1300281 CR-15/04/13	Radiotelevisión Galicia, S.A. / A-15073356	Publicidade emitida dende o día 20/03/13 ata o día 05/04/13	

		Magreco 2013	774,40 €
14-04/04/13	Valar Inversiones, S.L. B-15891179	Viño comida expositores ma- quinaria Magreco 2013	106,48 €
5/2013-06/04/13	Asociación Cultural Xanela de Melide G-70359047	Xogos populares e tradicionais Magreco 2013	150,00 €
50/2013-09/04/13	Andrés Vieites Orgei- ra, S.L. / B-15417694	Transporte de tratores antigos Magreco 2013	580,80 €
0146-13/04/13	M <sup>a</sup> . Obdulia López López / 33208229R	Tres trofeos concurso de ma- nexo de tractor Magreco 2013	30,00 €
P-26-2013-12/04/13	Surco Agrario SL B70265020	Unha inserción en revista "A terra do gandeiro e agricultor" nº 47 Magreco 2013	726,00 €
A/22-04/04/13	Mercedes Seoane Bra- vo / 33240065M	Flores para xardineiras Rúa María Botana	65,34 €
13FV159-31/03/13	Agrobotica Arzúa, S.L. B15476021	Semilla herba mantemento áreas recreativas	387,00 €
06B/36-30/03/13	Coregal Parques e Xardíns S.L. / B15731797	Mantemento zonas verdes mar- zo 2013	1.300,00 €
4001091577-31/03/13	Soc. Est. Correos y Telégrafos, S.L. / ESA- 83052407	Franqueo pagado mes de marzo 2013	119,54 €
D-326-02/04/13 196-31/03/13	Juan López Sánchez 34258362T	Gasóleo automoción Gasolina para o cortacésped e líquido de dirección para os vehículos	3.124,99 € 76,00 €
D-258-18/03/13		Gasóleo calefacción centro médico	920,00 €
AR316739-30/03/13 AR317164-15/04/13	ABM-REXEL, S.L.U. B-28262822	Material alumado público Lámparas Osram Dulux	1.741,89 € 38,72 €
C 89.752-30/03/13  C 90.123-15/04/13 □	Recambios Santia- gueses, S.L. B-15214349	Cepillos rotativos para a frega- dora do pavillón e repostos para o camión grúa Arranque RF-2 para o Mitsubi- shi e avisador pastillas RVI pa- ra o camión grúa	200,13 € 350,08 €
741.103-01/04/13 □	Ascensores Enor, S.A. A36650992	Mantemento ascensor casa con- sistorial abril 2013	328,90 €
106-26/03/13	Hermanos Vázquez, S.L. / B-15643315	Rodas para o camión grúa	980,00 €
000520-22/04/13	Beatriz Marzoa Rivas / 79320953W	Inscripción no Rexistro da Pro- piedade de Arzúa da finca comprada en Rodieiros	192,16 €
2013/0719-31/03/13	Sociedade Galega de Medio Ambiente A-15379803	Tratamento RU mes de marzo 2013	2.323,51 €
0101-1300315- 31/03/13 □	Cogami Reciclado de Galicia, S.L. / B- 15467962	Recollida de residuos do 01/03/13 ao 31/03/13 □	95,07 € □

13/619-02/04/13	Inocencio Rial Ces y Otro S.C. / J-15310055	Reparación termo centro social municipal de maiores	40,05 €
004101-27/03/13 □	Fernando J. Sánchez García / 76505509B	Material para reparación tajeas	166,38 €
1-11043167-01/04/13	Manuel Castro Gómez 33215547M	Confección nóminas e seguros mes de marzo 2013	610,69 €
13A/001584-26/03/13	Toldos Gómez S.L. / B-15274459	Confección de cintas e eslinga con asas para o ximnasio	31,46 €
950939764-25/03/13	KONE Elevadores S.A. / A-28791069	Servizo de mantemento ascensor colexio marzo 2013	238,99 €
Recibo: 486680186-10/04/13	Mapfre Vida, S.A./ A28229599	Seguro póliza de accidentes colectivos PAI período 09/04/13-09/04/14	230,39 €
49674-13/03/13	Río Blanco, S.L. / B-15424047	Hipoclorito sódico para o depósito de Boimil	283,14 €
203-140/13 F-10/4/13	Aquagest, S.A. / A28220606	Control calidade de auga do mes de marzo 2013	485,10 €
9081-23/04/13	Oli-Servi S.L. / B-15202583	Tóner impresora da aula informática	72,60 €
5/01302265-25/03/13	Nea F3 Ibérica, S.L.U. / B-15361348	Matemento fotocopiadora K-7022 de servizos sociais período 19/02/13-19/03/13	23,07 €
5/01302266-25/03/13		Mantemento fotocopiadora en cor BH C353 das oficinas municipais período 20/02/13-19/03/13	392,29 €
P 2013/03584-15/3/13	Mugatra Sociedad de Prevención S.L.U. / B70055504	Servizo de prevención Residencia de persoas maiores e centro de día (período contratado do 12/06/12 ao 11/06/13) pago do segundo prazo 12/12/12 ao 11/06/13	209,40 €
VS 2013/03445-05/04/13		Disciplina de vixilancia da saúde período 16/03/13 ao 15/03/14	489,81 €
P 2013/03959-15/4/13		Servizo de prevención (período contratado so 16/03/13 ao 15/03/14) pago primeiro prazo 16/03/13 ao 15/09/13	394,42 €
4-24/04/13	Mª. Lourdes Vereá Seoane / 76510236T	Material para a residencia e centro de día	135,53 €
5-24/04/13		Material servizo de augas	124,90 €
6-24/04/13		Material para curso de manuais	126,75 €
7-24/04/13		Material Magreco 2013	75,50 €
8-24/04/13		Material certame de reis 2013	34,60 €
9-24/04/13		Material de mantemento	452,14 €
166-25/04/13	José Manuel Vereá Castelo / 33245534T	Material para polideportivo e edificio da antiga cámara agraria	31,02 €
167-25/04/13		Material Magreco 2013	54,93 €
168-25/04/13		Material para a residencia	33,43 €
169-25/04/13		Material de mantemento	58,77 €

170-25/04/13 171-25/04/13 □		Material depuradoras Material alumado público	32,98 € 27,23 €
28-D381-765854- 01/04/13	Telefónica Móviles España, S.A. / A- 78923125	Recibo teléfonos móviles período 18/02/13 a 17/03/13	146,12 € □
TA4CZ0443002 TA4CZ0455298 TA4CZ0443001 TA4CZ0452866 TA4CZ0453145 TA4CZ0443004 TA4CZ0461080 TA4CZ0460603 19/04/2013	Telefónica de España, S.A. / A-82018474	Recibo teléfono servizos sociais Recibo teléfono centro maiores Recibo teléfono xulgado de paz Recibo teléfono ascensor con- cello Recibo teléfono oficinas Con- cello Recibo teléfono PAI Recibo teléfono residencia Recibo teléfono ascensor resi- dencia	49,78 € 132,67 € 24,87 € 16,91 € 361,47 € 24,93 € 62,33 € 21,89 €

## **5.2.- SOLICITUDES SERVICIO DE FISIOTERAPIA E PODOLOXÍA**

Visto informe de servizos sociais que se transcribe literalmente:

### **<<INFORME SOCIAL**

**INSTITUCIÓN:** Concello de Boimorto. Servizos sociais

**INFORME EMITIDO POR:** M<sup>a</sup> Esther Vidal Pandelo

**DATA DO INFORME:** 25/04/2013

**DIRIXIDO A:** XUNTA DE GOBERNO LOCAL

*Visto o acordo municipal nº 15 art. 5 de prezo público por servizo de fisioterapia e podoloxía e vistas as solicitudes presentadas en tempo e forma, propónse á Xunta de Goberno Local que sexan beneficiarios do servizo de fisioterapia as seguintes persoas segundo a valoración técnica que se sinala:*

### **1.- JOSÉ ARES ENJAMIO - FISIOTERAPIA**

#### **VALORACIÓN TÉCNICA**

- a) Consta informe médico que acredita necesidade
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

### **2.- ERUNDINA FERNÁNDEZ LÓPEZ - PODOLOXÍA**

#### **VALORACIÓN TÉCNICA**

- a) Consta informe médico que acredita necesidade
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

*Esta é a proposta que salvo erro ou omisión involuntaria elevo como traballadora social do concello para que a Xunta do Goberno Local resolva o que se estime oportuno.>>*

En aplicación dos artigos 5 e 6 do acordo municipal regulador do funcionamento e prezos públicos polos servizos de fisioterapia e podoloxía no centro de maiores a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar e incluír na lista de admitidos para ser usuario do servizo de fisioterapia a José Ares Enjamio e no servizo de podoloxía a Erundina Fernández López.

**SEGUNDO.-** Notificar aos beneficiarias deste servizo que teñen a súa disposición nas oficinas municipais os tickets que deberá adquirir e presentar ante a persoa que presta o servizo e terán unha validez para o mes de abril, maio e xuño do 2013. Sen a presentación de dito ticket acreditativo do pago do servizo público non serán atendidas polo servizo de fisioterapia e podoloxía respectivamente.

### **5.3.- SOLICITUDE PROGRAMA DE AXUDAS DE ALIMENTOS.**

Pola secretaria dáse conta da solicitude presentada por Dna. María del Carmen Sande Castro, DNI núm. 76503479M e con domicilio a efectos de notificacións en Lg. Sande nº. 13, parroquia de Sendelle, 15817 Boimorto, -nº rexistro de entrada 591 do 19.04-2013- sobre solicitude para ser beneficiaria do programa de axuda de alimentos.

Visto o informe do Departamento de servizos sociais asinado por Dna. María Esther Vidal Pandelo, traballadora social do Concello de Boimorto, en data 22/04/2013 no que se propón a concesión do reparto de alimentos en base aos criterios establecidos no Regulamento do programa de axudas de alimentos publicado no BOP nº 118 de data 22/06/2012.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA**:

**PRIMEIRO.-** Conceder o reparto de alimentos a unidade familiar de Dna. María del Carmen Sande Castro con DNI núm. 76503479M na primeira fase do exercicio 2013

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo á interesada, xunto co réxime de recursos que poden interpoñer contra o mesmo.

### **5.4.- CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES PARA ESTABLECEMENTO DE PREZO PÚBLICO PARA A EXCURSIÓN AO SANTUARIO DE BOM JESÚS DO MONTE (PORTUGAL)**

Vista a convocatoria e aprobación das bases que rexerán a excursión á Bom Jesús (Portugal) redactadas en data 22/04/2013 pola normalizadora lingüística e animadora sociocultural e que a continuación se reproducen literalmente:

#### **<<BASES PARA ESTABLECEMENTO DO PREZO PÚBLICO PARA A EXCURSIÓN AO SANTUARIO DE BOM JESÚS DO MONTE (PORTUGAL)**

##### **1.- Concepto**

Establecemento do prezo público para a excursión ao Santuario de Bom Jesús do Monte, ubicado en Braga (Portugal); o día 11 maio de 2013. O xantar será na propia localidade onde está ubicado o santuario de Sameiro, e de volta farase unha parada na Fortaleza.

A hora e lugar de saída do autocar é entre as 8:00 e 8:30 h do Campo do Rosario (colexio).

O prazo de inscrición remata o 3 de maio. Os menores de idade deberán ir acompañados por un adulto.

O obxecto desta actividade é o de fomentar a participación conxunta de veciños/as de diferentes idades e dar a coñecer a todos diferentes lugares da xeografía da Península.

##### **2.- Obrigados o pagamento**

Estarán obrigados ao pagamento todas as persoas que se beneficien desta actividade.

Todos os asistentes ou representantes de menores deberán cubrir unha solicitude de autorización de participación, na que acordan que están conformes coas bases e co prezo público; polo que eximen ao Concello de calquera responsabilidade derivada da actividade.

##### **3.- Contía**

O prezo público da actividade é de 25 euros por persoa. O prezo inclúe o desprazamento en autocar, almuerzo e xantar; baixo ningún motivo se procederá ao reembolso do importe ingresado por esta actividade.

No caso de bebés, ou nenos/as pequenos/as que coman pola súa conta deberán pagar só o gasto de desprazamento, é dicir, 10€

#### **4.- Bonificacións e exencións**

Non se contemplan bonificacións nin exencións pois trátase dunha actividade puntual na que non se busca o fomento da participación familiar.

#### **5.- Obriga de pagamento**

A obriga de pagamento é do 100% do importe ao inscribirse.

Boimorto, 22 de abril de 2013

A normalizadora lingüística

A animadora sociocultural

Asdo.- Sylvia Cea Vázquez  
rea>>>>

Asdo.- Yolanda Barreiro Ga-

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Convocar e aprobar as bases de establecemento de prezo público para a excursión ao Santuario de Bom Jesús do Monte redactadas en data 22/04/2013 pola normalizadora lingüística e pola animadora sociocultural tal e como quedan reproducidas nos considerandos deste acordo, sendo o prezo público de 25 €uros e 10 €uros dependendo da modalidade.

**SEGUNDO.-** Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos.

### **5.5.- CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES PARA ESTABLECIMENTO DE PREZO PÚBLICO PARA A EXCURSIÓN AO SANTUARIO DAS PÍAS (SOBRADO)**

Vista a convocatoria e aprobación das bases que rexerán a excursión o Santuario das Pías (Sobrado) redactadas en data 24/04/2013 pola normalizadora lingüística e animadora sociocultural e que a continuación se reproducen literalmente:

#### **<<BASES PARA ESTABLECIMENTO DO PREZO PÚBLICO PARA A EXCURSIÓN O SANTUARIO DAS PÍAS (SOBRADO)**

##### **1.- Concepto**

Establecemento do prezo público para a excursión o Santuario das Pías (Sobrado); o día 20 de maio de 2013. Visitarase o entorno do Santuario das Pías, sobre ás 12:00 horas haberá unha mi-sa no santuario á que se poderá asistir, o xantar será na vila de Sobrado.

A hora e lugar de saída do autocar é sobre ás 10:30 h do Centro Municipal de Maiores.

O prazo de inscrición remata o 16 de maio. Os menores de idade deberán ir acompañados por un adulto.

##### **2.- Obrigados o pagamento**

Estarán obrigados ao pagamento todas as persoas que se se beneficien desta actividade.

Todos os asistentes ou representantes de menores deberán cubrir unha solicitude de autorización de participación, na que acordan que están conformes coas bases e co prezo público; polo que eximen ao Concello de calquera responsabilidade derivada da actividade.

##### **3.- Contía**

O prezo público da actividade é de 10 euros por persoa. O prezo inclúe o desprazamento en autocar, as visitas e o xantar; baixo ningún motivo se procederá ao reembolso do importe ingresado por esta actividade.

##### **4.- Bonificacións e exencións**

Non se contemplan bonificacións nin exencións pois trátase dunha actividade puntual na que non se busca o fomento da participación familiar.

##### **5.- Obriga de pagamento**

A obriga de pagamento é do 100% do importe ao inscribirse.

Boimorto, 24 de abril de 2013

A normalizadora lingüística  
Asdo.- Sylvia Cea Vázquez

A animadora sociocultural  
Asdo.- Yolanda Barreiro Garea>>

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Convocar e aprobar as bases de establecemento de prezo público para a excursión ao Santuario das Pías (Sobrado) redactadas en data 24/04/2013 pola normalizadora lingüística e pola animadora sociocultural tal e como quedan reproducidas nos considerandos deste acordo, sendo o prezo público de 10 €uros.

**SEGUNDO.-** Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos.

Seguidamente pola secretaria dáse conta dos decretos números 76, 79, 80 e 85 dictados pola Alcaldía Presidencia avocando as funcións delegadas na Xunta de Goberno Local, quedando os concelleiros que a integran informados.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 13:50 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr  
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez